

Os campos de fútbol de Montrove, Os Regos e Iñas terán céspede artificial

## O Concello realizará 20 importantes proxectos grazas ao superávit de 2014

Páxinas 6, 7 e 8



Nos últimos meses foron derruídas 5 casas en estado ruinoso

Páxinas 12 e 13

Concello de  Oleiros

# Vivir en Oleiros

Número 48  
Agosto 2015  
Toda a actualidade en:  
[www.oleiros.org](http://www.oleiros.org)

O auditorio da Fábrica acolleu o acto de toma de posesión da nova corporación municipal



Cambios de circulación en tres rúas de Montrove

Páxina 9

O parque José Couso será inaugurado o 11 de setembro

Páxina 14

Unha nova empresa inicia as obras de remodelación da piscina de Perillo

Páxina 20

## O pobo de Oleiros renova a súa confianza en Alternativa dos Veciños cun apoio masivo nas urnas

■ A confianza que os e as oleirenses teñen no proxecto político de Alternativa dos Veciños quedou referendado de xeito rotundo nas pasadas eleccións municipais de maio. Un total de 9.829 votantes, o 60,71% do total, apostaron novamente por consolidar Oleiros como concello singular e distinto a través da xestión do goberno de Alternativa dos Veciños. En ningún municipio de España con máis de 20.000 habitantes, unha forza política obtivo tal apoio. Agora, o goberno municipal seguirá loitando por superar todos os retos que se aveciñan para esta lexislatura.

Páxinas 4 e 5

## Un verán cheo de competicións deportivas municipais

Este verán Oleiros será escenario dun completo programa de competicións deportivas que converte o municipio no centro deportivo da comarca. A XLVI edición do Torneo de Fútbol Concello de Oleiros, o XVIII Trofeo de Patinaxe de Velocidade ou as bandeiras de traíneiras en Perillo e Mera fan de Oleiros un fervedoiro deportivo durante a época estival.

Páxinas 20 e 21

Como saber  
*onde*  
está todo  
en  
*Oleiros*

AXENDA  
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

## Grazas!

Grazas é a primeira verba que vén á mente do grupo municipal de Alternativa dos Veciños ao pensar no resultado das últimas eleccións municipais.

A confianza depositada polos veciños nas urnas ao noso grupo político, que acadou o 60,71% dos votos emitidos, non é máis que o reflexo do compromiso da veciñanza co benestar, coa igualdade, coa solidariedade e sobre todo coa xustiza social.

Este resultado incrementou en tres concelleiros a maioría absoluta da pasada lexislatu-

ra de 2011, na que cabe lembrar o asolagamento que levou a cabo a “marea azul” do PP por todo o territorio español, agás en Oleiros e algún que outro municipio.

Pero tamén ten que haber lugar para a autocrítica. Claro que hai cousas que mellorar no noso Concello, sempre as hai. E é certo que moitos de vós votastes -de xeito completamente lexítimo e respectable- por outras propostas tendo en conta este motivo, pero desde Alternativa dos Veciños, queremos lembrar, tanto aos votantes, como aos simpatizantes e ao resto dos oleirenses que

continuaremos facendo da política un medio para mellorar a calidade de vida de todos os veciños e veciñas e non un fin en si mesmo.

Os responsables públicos temos a obriga de responder a esa confianza cunha maior responsabilidade se cabe e cun compromiso inquebrantable coa sociedade.

Grazas pola vosa confianza, grazas polo voso respecto ao noso xeito de gobernar.

Grazas por crer na nosa honradez, por defendernos ante aqueles que difaman, por ser críticos, polas vosas suxes-

tións e polas vosas demandas.

Grazas aos que sempre estiveses, cóbado con cóbado con nós, para apoiar este proxecto nacido do pobo hai xa trinta e seis anos, e do que tan orgullosos nos sentimos todos.

Grazas, de corazón a todas e a todos. Seguiremos a traballar a reo para acadar todo aquilo que Oleiros necesita para a consolidación do noso Concello como o de maior calidade de vida de Galicia e de gran parte de España. Grazas a vós faremo-lo posible.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

## VIVA A TRANSPARENCIA!!!!

Nun momento de cambio social e político, no que os cidadáns demandan con máis esixencia que nunca o “bo” labor dos seus gobernos antóllase, ou mellor dito, faise indispensable e obrigatorio que as administracións públicas actúen cun grao de transparencia que convertan as institucións, con independencia do seu tamaño, en entes moito

máis próximas, nos que os cidadáns poidan sentirse partícipes das decisións que se toman.

A diferenza da opacidade e mesmo do segredo, a transparencia contribúe a democratizar a administración pública, elevando o nivel de esixencia dos gobernantes na súa obrigación de alcanzar unha boa “praxe” política.

Esta reflexión, que se antolla básica e necesaria aos ollos de calquera persoa, é ignorada no Concello de Oleiros, por un goberno que, lonxe de abrirse aos seus cidadáns para que coñezan en que se gastan os seus impostos, e cal é o custo real dos seus servizos, trata de amordazar a unha oposición á que deixa sen os medios económicos e

materiais para que cumpra a súa función.

Desde o Partido Popular e pese aos escollos impostos por quen debería ofrecer facilidades, entendemos que a transparencia, máis que unha obriga, debe ser unha esencia do labor político e así continuaremos esixíndoa.



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

O grupo municipal do PSdeG-PSOE negouse a aportar a información do seu grupo



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

## Construír un Oleiros novo en positivo

O BNG inicia a nova lexislatura con ganas de traballar de acordo coas expectativas postas en nós por unha parte do noso pobo.

Cun rostro renovado -Fran Rei colle o relevo de Manuel Sarmiento- e co respaldo de 966 veciñ@s,

aspiramos a seguir contribuíndo para construír ese Oleiros novo do que tanto falamos durante a campaña.

Na súa intervención no pleno constituínte da nova corporación Fran Rei avanzaba unha oposición

seria, transparente e, cando sexa necesario, contundente, mais nunca destrutiva: con críticas sempre acompañadas de propostas en positivo que axuden a mellorar e a construír. E sempre desde a cordialidade e o respecto.

Estamos a vivir un novo ciclo político: a cidadanía demanda a máxima transparencia e máis mecanismos de participación. O BNG traballará para que este novo ciclo poida ter en Oleiros o seu reflexo.

# EDITORIAL

## ● Os gobernos de unidade popular non poden aceptar as chantaxes da casta

◆ As eleccións do 24 de maio, en contra do que dicían as enquisas interesadas e manipuladas con pouco éxito por diversos medios de comunicación, fieis ao servizo de quen paga, marcaron un punto de inflexión no panorama político do Estado, facendo visible a verdadeira intención da inmensa maioría dos cidadáns que, enfatiados de tanta corrupción e deterioración das institucións públicas, querían un cambio radical para infinidade de gobernos municipais e autonómicos de distintas pelaxes políticas, aínda cando o palmarés o encabezaba o Partido Popular.

O terremoto político, orixinado por esa gran cantidade de cidadáns fartos de políticas destrutivas, de incompetentes, de enganados e de ladroízos abre unha porta de esperanza á recondución das políticas locais e autonómicas ao servizo dos cidadáns, poñendo freo ás mafias e aos grupos de presión.

Os cidadáns falan a través das urnas, que son as que dan ou quitan a confianza, son as que enxalzan ou menosprezan.

O panorama post-electoral trouxo novas corporacións e unha chea de siglas políticas que, diante da ausencia de maiorías estables, está a permitir á parte da casta desposuída do poder, todo tipo de chantaxes e situacións esperpénticas: Concello de Miño, Deputación de Lugo, ou reparticións de prebendas reclamadas desde a oposición aos gobernos en minoría: A Coruña, Santiago...

Chegou a hora dos feitos, xa non valen as palabras, os

cidadáns agardan os cambios e o cumprimento dos programas electorais.

Á hora de gobernar as demagoxias non teñen cabida, moitas das propostas quedarán no camiño por irrealizables ou por falta de consenso, pero non se pode errar nos asuntos e nas políticas que dependan dun mesmo, aínda que se dispoña dun goberno en minoría. En Oleiros gobernouse seis lexislaturas sen a maioría absoluta e acadáronse os obxectivos en materia de obras, servizos, equipamentos e políticas de planeamento e protección do territorio, así como nas políticas educativas, culturais e sociais, a base de constancia, ética e honradez, ademais da necesaria convivencia diaria cos veciños, coas veciñas e cos colectivos cidadáns.

Aqueles que acadaron os gobernos de vilas e cidades non poden frustrar a esperanza de milleiros de cidadáns que, en diversos casos, quixeron un cambio para dignificar as institucións e acadar as melloras para o desenvolvemento ordenado ao que a cidadanía aspira e que contribuirá ao progreso, á estabilidade e á credibilidade das institucións.

Estamos nun momento de cambio. O aire fresco que traen as candidaturas de unidade popular son imprescindibles para que o empoderamento cidadán chegue tamén ás institucións autonómicas e estatais. Desde Oleiros, un Concello construído por todos e todas desde o comezo da democracia, congratulámonos da renovación política e confiamos en que sexa un síntoma de recuperación da soberanía popular.

# Orgullosos de vivir en OLEIROS



# Constituída a nova corporación

■ A nova corporación municipal saída das eleccións do 24 de maio tomou posesión no pleno que tivo lugar o pasado 13 de xuño no auditorio da Fábrica. Nesa mesma sesión foi investido alcalde Ángel García Seoane, quen no seu discurso destacou a grande responsabilidade que supón esta nova lexislatura ante o espectacular apoio recibido por parte do 60,71% das persoas votantes. Grazas a toda esa confianza, "Alternativa dos Veciños poderá consolidar Oleiros como un municipio singular e distinto".



◆ Ángel García Seoane sinalou que quedan grandes retos por diante: infraestruturas viarias por realizar dependentes doutras administracións, novas dotacións e equipamentos que deben contribuír ao mantemento e fortalecemento dos servizos así como ao desenvolvemento económico e á creación de emprego. O alcalde de Oleiros tamén pretende rematar de situar a Oleiros como un concello turístico referente e que se distinga pola calidade dos seus servizos. Todo isto, sen deixar de lado as actividades sociais, culturais, educativas e deportivas e o seu incremento.

A constitución do goberno fíxose pública no pleno extraordinario celebrado na Casa Charry o 23 de xuño. Na distribución das distintas competencias entre os concelleiros determinouse que parte deles seguirán xestionando as áreas nas que xa traballaron na pasada lexislatura. Aos novos concelleiros asignáronselles os departamentos de Servizos, Ensino e Xuventude e Comunicación e Novas Tecnoloxías da Información.

Nese pleno tamén se determinou que os soldos dos edís se manterán sen experimentar ningún tipo de incremento. O número de dedicacións exclusivas redúcese de 11 a 9 e ademais créanse 3 dedicacións parciais. A todos os concelleiros con dedicación prohibéselles calquera outro tipo de actividade remunerada.

Dos 14 concelleiros que forman o goberno, dous non percibirán emolumentos. Para os concelleiros sen soldo, tanto do goberno como da oposición, o pleno acordou a creación dunhas dietas por asistencia a comisións informativas e sesións plenarias. O pleno aprobou tamén a creación de 7 prazas de persoal eventual.

## Grupo de Goberno de Alternativa dos Veciños



1



2



3



4



5



6



7



8



9



10



11



12



13



14

1 Alcalde: Ángel García Seoane

2 Primeira tenente de alcalde e concelleira de Interior, Seguridade Cidadá, Urbanismo e Economía e Facenda: María José Varela Neira

3 Segunda tenente de alcalde e concelleira de Recursos Humanos, Cooperación e Participación Cidadá: Margarita Figueroa Vázquez

4 Terceiro tenente de alcalde e concelleiro de Servizos Sociais e Sanidade: Ignacio A. Crespo López

5 Cuarta tenente de alcalde e concelleira de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica: Mª Teresa Vázquez Maseda

6 Quinta tenente de alcalde Cultura e Normalización Lingüística: Mª Esther I. Garrido Pan

7 Sexto tenente de alcalde e concelleiro de Obras Públicas e Medio Ambiente: Rodrigo López Piquín

8 Concelleira de Economía, Facenda e Contratación: Sandra Fernández Fernández

9 Concelleira de Parques e Xardíns: Rosa Mª Méndez Gómez

10 Concelleiro de Servizos Municipais: Jaime Rumbo Mosquera

11 Concelleira de Ensino e Xuventude: Iria Barreiro Antón

12 Concelleiro de Comunicación e Novas Tecnoloxías da Información: Pablo Cibeira Taboada

13 Concelleiro sen cargo: Marcos Regueira Pérez

14 Concelleiro sen cargo: Gonzalo López Paz

**Alternativa dos Veciños triúfa nas eleccións cun espectacular apoio do 60,71% dos votantes**

### Grupo municipal do Partido Popular



1



2



3



4

- 1 Tristana Moraleja Gómez
- 2 Roberto Varela Veiga
- 3 María Begoña Pazos Villaverde
- 4 Jorge Platas Casal

### Grupo municipal do PSdeG-PSOE



3



4

- 1 Jorge Pérez Méndez
- 2 Laura Rodríguez Sastre

### Grupo municipal do BNG



1

- 1 Fran Rei García

### TÁBOA DE RETRIBUCIÓNS BRUTAS ANUAIS

● <b>Alcalde</b> (dedicación exclusiva): .....	<b>54.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Primeira tenente de alcalde e responsable de Interior, Seguridade cidadá, Urbanismo e Economía e Facenda</b> (dedicación exclusiva): .....	<b>40.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Segunda tenente de alcalde responsable de Recursos Humanos, Cooperación e Participación Cidadá</b> (dedicación exclusiva): .....	<b>40.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Terceiro tenente de alcalde e responsable de Servizos Sociais e Sanidade</b> (dedicación exclusiva):.....	<b>30.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Cuarta tenente de alcalde e responsable de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica</b> (dedicación exclusiva):.....	<b>30.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Quinta tenente de alcalde e responsable de Cultura e Normalización Lingüística</b> (dedicación exclusiva):...	<b>30.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Sexto tenente de alcalde e responsable de Obras Públicas e Medio Ambiente</b> (dedicación exclusiva):.....	<b>30.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Concelleira de Economía, Facenda e Contratación</b> (dedicación exclusiva):.....	<b>25.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Concelleira de Parques e Xardíns</b> (dedicación exclusiva):.....	<b>25.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Concelleiro de Servizos Municipais</b> (dedicación parcial):.....	<b>20.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Concelleira de Ensino e Xuventude</b> (dedicación parcial):.....	<b>18.000 euros € brutos anuais</b>
● <b>Concelleiro de Comunicación e Novas Tecnoloxías da Información</b> (dedicación parcial):.....	<b>18.000 euros € brutos anuais</b>

## Deputación da Coruña

◆ Nas eleccións do pasado 24 de maio, Alternativa dos Veciños conseguiu un deputado provincial. O grupo de goberno de Oleiros presentou tamén candidatura nos concellos da Coruña, Arteixo e Culleredo o que lle permitiu sumar os votos necesarios para acadar ese escano no órgano provincial. O alcalde do Concello de Oleiros, Ángel García Seoane, xa ocupa esa praza na Deputación desde a súa toma de posesión o pasado día 16 de xullo.

O alcalde e deputado agarda que a relación da Deputación co Concello mellore para que Oleiros poida recibir dunha vez os recursos económicos que por lei lle pertencen a través dos distintos programas provinciais. García Seoane desexa que as políticas detractoras do anterior goberno provincial do Partido Popular queden no pasado definitivamente.



# O pleno aproba 20 proxectos con cargo ao superávit de 2014 ▼

◆ No pleno ordinario do mes de xullo aprobáronse as propostas do goberno para a realización de diversas obras e servizos no municipio. O importe total de todas esas actuacións será de **4.693.531,99 euros**. Esa partida procede do superávit obtido no pasado exercicio de 2014,

un remanente extra que procede da eficacia e eficiencia na xestión económica do Concello de Oleiros. As obras comezarán a realizarse a partir do mes de setembro prevendo que finalicen ao longo do presente ano. Os proxectos que se levarán adiante son os seguintes:

■ Renovación da rede de augas no tramo da avenida das Mariñas que vai desde Beirmar ata en fronte da Biblioteca Rialeda, en Perillo. A vida útil da nova instalación é de vinte anos e os gastos de mantemento son os mínimos. A cantidade prevista para este proxecto é de..... **169.680,70 euros**

■ Nova depuradora na urbanización O Xunqueiro, en Mera. Coa esta nova instalación melloran notablemente as condicións medio ambientais da zona e os custos de mantemento, en relación á actual depuradora, mantéñense. O Concello de Oleiros investirá nesta actuación ..... **187.550,00 euros**

■ Muro de contención na rúa do Bañil, en Liáns. O Concello de Oleiros considera urxente evitar desprendementos de terras no último tramo desta rúa para evitar que cinco casas poidan quedar illadas. Para a realización desta obra serán precisos ..... **38.140,23 euros**

■ Primeira fase -explanación e demolicións- do proxecto e beirarrúas desde Dorneda ata Mera. O tramo abrangue unha extensión de 2,5 km. O orzamento é de ..... **789.107,27 euros**

■ Construción da senda costeira desde Santa Ana ata Canide, en Mera. Deste xeito, prodúcese a unión do paseo marítimo de Mera, que remata na capela de Santa Ana, coa zona verde da urbanización de Canide. O custo será de ..... **507.677,93 euros**

■ Renovación do peche do parque José Martí, en Perillo, na zona lindeira coa ría mediante a substitución da madeira degradada por granito. O novo perpiaño que seguirá o mesmo deseño existente no lado este do parque. A partida destinada para esta reforma é de ..... **65.520,06 euros**



▲  
■ Recuperación e rehabilitación do Torreón Bescansa, en Perillo. Realizarase a reconstrución dos forxados de madeira, escaleiras, instalacións e reutilización da azotea existente como miradoiro. O importe da obra é ..... **146.707,19 euros**

■ Rehabilitación do contorno da fonte e do lavadoiro de Canabal, en Mera. O proxecto contempla a substitución do pavimento existente, o control das augas que zumegan dos noiros, a limpeza da maleza e das terras que invaden os elementos, a creación dun espazo de estacionamento, o ocultamento do punto de recollida de residuos sólidos urbanos e, de maneira xeral, poñer en valor o contorno. Empregaranse un total de ..... **45.976,26 euros**



■ Diferentes actuacións en pavillóns e pistas polideportivas cubertas. O obxectivo destas actuacións céntrase no mantemento das instalacións actuais para minorar os gastos de mantemento futuros. A estimación de gasto é de ..... **107.850,59 euros**



■ Dotación de calefacción e cambio de fiestras para maior eficiencia enerxética na casa do pobo de Nós. Os radiadores serán substituídos por un sistema centralizado de calefacción. Esta remodelación ten un custo de ..... **19.693,38 euros**



■ Dotación de herba artificial nos campos de fútbol dos Regos, Montrove e Iñás. O sumatorio dos tres proxectos é de **1.195.304,21 euros**. Trátase dunha obra que terá un efecto positivo sobre o uso das instalacións xa que supón unha gran mellora que redundará nun beneficio claro para os deportistas e demais usuarios destas instalacións municipais. A actuación no campo dos Regos supón **404.524,90 euros**, o proxecto de Montrove custará **358.536,08 euros** e no caso de Iñás a cantidade é de **432.243,23 euros** debido a que tamén se instalará a rega.

■ Reforma integral da Casa da República de Oleiros. As obras suporán a ampliación do edificio así como diversas reformas dentro e fóra do edificio. As obras teñen un custo de ..... **207.103,49 euros**



■ Melloras no ximnasio Daniel Castelao de Santa Cruz. Os vestiarios e a sala principal sufrirán diversas reformas para arranxar as actuais deficiencias existentes. O Concello dedica unha partida de ..... **37.270,78 euros**

■ Substitución e mellora dos paneis informativos electrónicos de Mera, Dorneda e Perillo. Debido ao paso do tempo e ás inclemencias meteorolóxicas, as características luminotécnicas dos paneis víronse seriamente menoscabadas, polo que é precisa a súa substitución. Os gatos ascenden a ..... **69.454,00 euros**



■ Mellora e tratamento da madeira do parques das Galeras, A Pezoca, Metropolitano de Liáns Bosque dos Veciños e no paseo marítimo da Ría do Burgo para a súa óptima conservación. Para todas estas actuacións van utilizarse **224.911,37 euros**.

■ Asfaltado de **15 rúas** en diferentes localidades do concello. En total, serán utilizados **607.952,68 euros** para pavimentar os seguintes camiños:

- RÚA CABAZO + APARC. CASA DO POBO
- RÚA FORNOS
- CAMIÑO DO REGUEIRO
- RÚA MINERVA
- RÚA EIRÍS
- URB. OS REGOS (RÚA RÍO SAR)
- RÚA BASTIAGUEIRO PEQUENO - FIEITOS

- RÚA RÍO DO SEIXO (PLUVIAIS EDIFICIO)
- RÚA CARREIRA COVA
- RAMAL LAVANDEIRAS
- RÚA OCASO
- AVDA. 2ª REPÚBLICA
- RÚA DA PISCINA
- RÚA TIERNO GALVÁN



■ Obras de mantemento de cubertas en edificios municipais. Trátase de pequenas reparacións e melloras nas cubertas da Fábrica, Alfar de Santa Cruz, Pazo de Arenaza, Casa do Concello, Casa do Arxentino, Rialeda, colexio Isidro Parga Pondal. O custo de todas estas reparacións é de **17.958,29 euros**

■ Mellora da iluminación pública municipal mediante sistemas led en varios lugares do Concello. En total, realizarase a substitución de 446 luminarias existentes que se encontran preto do fin da súa vida útil, por outras novas de alto rendemento lumínico e de tecnoloxía LED. A partida para este proxecto é de ..... **60.165.619 euros**

**NON QUEREMOS  
INCÍVICOS en  
OLEIROS** ▼

Por un Concello limpo,  
denuncia os infractores  
da normativa do lixo

Deposita os teus residuos  
no punto limpo de Liáns (981 795 524):






# Tres rúas de Montrove sufrirán cambios de direccións para os vehículos ▼

■ *Con esta medida mellorará a seguridade dos veciños e veciñas e axilizarase o tráfico na zona*

◆ O sentido de circulación nas rúas Salvador de Madariaga, rúa Carreira da Cova e A Constitución sufrirá diversas modificacións en relación á actual sinalización. O último treito da rúa Salvador de Madariaga, desde a intersección coa rúa Carreira da Cova ata a avenida Rosalía de Castro, pasa a ser de dirección única. Desde Rosalía de Castro estará prohibido acceder a Salvador de Madariaga. Para baixar cara á zona do Seixal, os vehículos terán que acceder pola rúa Carreira da Cova. Precisamente ese ramal de acceso, que ata o de agora era de dobre sentido, tamén se converte en sentido único. Na rúa da Constitución, tal e como recolle o mapa, queda prohibida a circulación en ambos sentidos. Os vehículos só poderán acceder a esta vía pola parte máis alta. Estes cambios tamén implicarán variacións no semáforo da rúa Salvador de Madariaga.

O seguinte mapa, recolle de xeito claro como quedará a circulación nesta zona de Montrove:



Rúa da Constitución

Rúa Salvador de Madariaga

Rúa Carreira da Cova

## PAGO DE IMPOSTOS ▼

**Do 15 de setembro ao 20 de novembro de 2015** é o prazo voluntario do pago dos seguintes impostos: Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e rústica (IBIU e IBIR) e Imposto sobre actividades económicas (IAE). Os veciños e veciñas poderán efectuar o pago de diferentes xeitos:

- **En Abanca, Caixabank, Banco Pastor, Santander e BBVA.** Neste caso deberán dispoñer previamente dos documentos de ingreso necesarios. As entidades colaboradoras non poderán establecer limitacións aos días e horario para realizar ingresos, debendo aceptalos, durante o prazo indicado, sempre que se produzan no seu horario normal de caixa.


- **Oficina de Recadación,** dentro do seu horario de atención ao público (de luns a venres de 8:30 a 13:00 horas).

- **A través de internet, en [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org).** Na sede electrónica do Concello de Oleiros, dentro do apartado carpeta cidadá. Para usuarios rexistrados ou que teñan DNI electrónico ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre (FNMT). Para usuarios non rexistrados. En [www.oleiros.org](http://www.oleiros.org), sección facenda, pagamento de recibos, a través do enlace á pasarela de pagos da nosa entidade xestora. É necesario que teña o recibo que quere pagar posto que terá que teclear a emisora, identificación, referencia e importe que figuran no mesmo.

No caso dos **veciños e veciñas que teñan estes recibos domiciliados**, o cargo se fará o día 16 de outubro de 2015.

## O Concello segue en guerra contra os plumachos ▶

◆ Seguimos coa nosa política de eliminación da planta invasora da Pampa arxentina, coñecida popularmente como *plumacho*. Ademais de requirir aos propietarios particulares das fincas a súa eliminación, o Concello de Oleiros contratou a unha empresa que empregará herbicida para actuar contra a citada planta. A mesma empresa tamén se encargará de realizar tarefas de limpeza da maleza en máis de 130 camiños municipais. Estes traballos repetiránse a partir do mes de outubro na totalidade dos camiños mencionados.



## Un grupo de 5 operarios realizan tarefas de prevención de incendios ◀

◆ O Concello de Oleiros asinou un convenio coa Consellería do Medio Rural e do Mar para levar a cabo labores preventivos para evitar incendios. Un grupo de traballo formado por cinco persoas están a facer rozas e limpeza de parcelas públicas e camiños forestais en distintas partes do noso municipio. Este convenio ten unha duración de tres meses, desde o 15 de xullo ata o 15 de outubro.



**Leva o teu can sempre con correa nas zonas verdes**



Por sorte vivimos en Oleiros, un lugar único en moitos sentidos e ámbitos. O noso xeito de convivir e comportarnos, o respecto que nos temos os un aos outros, tamén nos converte nese territorio singular e distinto do que tan orgullosos estamos.

Evidentemente, hai excepcións puntuais que rompen esa harmonía. É por iso que temos que lembrar, unha vez máis, que **en ningún caso os cans poden camiñar soltos por ningún espazo verde nin parque**. A normativa sobre o coidado dos animais de compañía tamén obriga a **recoller os excrementos dos animais**.

## A guía das empresas de Oleiros comeza a chegar ás casas ►

◆ O Concello de Oleiros está a repartir entre os veciños unha nova publicación na que se recollen todas as empresas que desenvolven a súa actividade no municipio. A guía abarca todos os ámbitos laborais e produtivos. Con esta publicación, o goberno municipal pretende pór na man dos veciños e veciñas un recurso útil para localizar e identificar as empresas mediante as que pode resolver e cubrir as súas necesidades.



## En marcha tres cursos para persoas desempregadas ▼

◆ Xa están en marcha tres cursos de formación para persoas desempregadas: montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e instalación de mobles. As clases estanse impartindo no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo. Nestes cursos participan 45 desempregados que obteñen ao remate da formación o certificado de profesionalidade correspondente. Ademais, todos os alumnos e alumnas teñen un módulo de prácticas formativas en empresas.

## O Servizo de Asesoramento do Concello impulsa a creación de 19 novas empresas e 22 postos de traballo ▼

◆ No que levamos de ano, o Servizo de Asesoramento a Emprendedores do Concello de Oleiros -situado no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo, nos Regos- leva asesorado un total de 77 proxectos. Ademais, outras 22 empresas chamaron para realizar algún tipo de consulta. En total, constituíronse 19 novas empresas que foron asesoradas no noso servizo. Nestas 19 empresas créanse un total de 23 postos de traballo.

## A oficina de turismo, aberta ata o 30 de setembro ▼

◆ Desde o día 1 de xuño e ata finais de setembro está aberta a oficina de información turística situada en Santa Cristina. Esta oficina está atendida por unha técnica de turismo contratada polo Concello de Oleiros para desenvolver as tarefas de información e dinamización das distintas posibilidades e atractivos do noso municipio para os visitantes. A oficina está aberta de martes a domingo en horario de mañá e tarde.



## O 1 de setembro comezan os traballos na Finca Tenreiro



◆ O obradoiro de emprego da Finca Tenreiro comeza o vindeiro 1 de setembro. O proxecto conta cun orzamento de 178.157 euros e participarán un total de 26 persoas desempregadas, todas elas veciñas e veciños de Oleiros. Durante ese período de aprendizaxe os alumnos e alumnas recibirán unha remuneración individual de 648,56 euros ao mes.

O alumnado contratado está repartido en dúas especialidades: instalación e mantemento de xardíns e revestimentos con pastas e morteiros na construción. Na primeira especialidade realizaranse tarefas de xardinería tales como: roza, plantación, talas e poda das árbores. No segundo levaranse a cabo traballos de roza, demolición dos elementos en estado de ruína, demolición dos restos de tellado, picado ou revocadura da fachada para a reparación do encintado de pedra e volta a revocar, remate dos muros de carga para evitar a erosión polas inclemencias do tempo.

Grazas a este obradoiro vanse acometer diversos traballos na Finca Tenreiro. Esta parcela de 31.000 m<sup>2</sup> está situada en Vilanova, na parroquia de Nós, e na mesma está construído o novo colexio para os nenos e nenas desa zona do concello.

## Convenios de colaboración para a contratación de persoas desempregadas ▼

◆ Grazas aos convenios de colaboración que o Concello de Oleiros asinou con distintas administracións, son varios os veciños e veciñas de Oleiros en situación de desemprego que están a traballar para o Concello. Deses convenios, os máis importantes son o asinado coa Consellería do Medio Rural e do Mar para a contratación de 4 persoas para o dispositivo contra incendios e a

subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de persoas desempregadas para a realización de servizos de interese social. Ademais, contratáronse cinco socorristas máis dos que xa dispoñía o Concello durante dous meses e medio para reforzar o servizo de salvamento e socorrismo. Con estas cinco incorporacións hai 48 persoas atendendo a seguridade das praias do municipio.

# CASAS EN RUÍNAS ▼

■ Nos últimos oito meses foron demolidas cinco vivendas declaradas en ruínas

◆ O Concello de Oleiros, en aplicación do artigo 201 da Lei 9/2002 do 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, ten requirido a diversos propietarios a demolición das súas edificacións nos casos de deterioración máis grave, onde a ruína é patente e o risco de derrubamento, por ser casas próximas a vías públicas, é de alto perigo por

posibilidade de desprendementos. De xeito incomprensible e despois de varios requirimentos do Concello, moitas destas vivendas seguen en pé xa que os seus propietarios non tomaron as medidas pertinentes. Nestes casos, o propio Concello está a acometer as demolicións pasándolle o cargo correspondente aos seus respectivos donos.

◆ Seguindo esta liña de actuación, nos últimos oito meses foron demolidas cinco vivendas, tres en Perillo e dúas en Oleiros. Así mesmo, nos vindeiros días acometerase o derrubamento dunha vivenda situada na rúa Lameiro, en Nós.

Moitos dos propietarios, ademais de non acatar o requirimento, tapian portas e fiestras, o que supón un incremento da degradación ambiental dos contornos onde están situadas estas edificacións, case sempre nos cascos urbanos.



■ No mes de febreiro foron demolidas dúas casas na Avenida Ernesto Che Guevara. O contraste entre o antes e o despois é evidente.



■ Na praza da Rabadeira foron derruídas dúas vivendas linderas que levaban anos nunha situación de abandono. En pleno centro de Oleiros, estas dúas edificacións supoñían un risco elevado para os viandantes, ademais da conseguinte degradación medioambiental e paisaxística. A comparación entre as dúas imaxes de arriba e a actual situación non deixa lugar a dúbidas sobre a necesidade deste tipo de accións urbanísticas.



■ En Perillo, na confluencia das rúas Neira Vilas e Corredoira das Viñas, acometeuse outra das cinco demolicións.



◆ A próxima construción que será eliminada é esta que se atopa na rúa Lameiro. O expediente de derrubamento xa leva tempo aberto polo que nos vindeiros meses realizárase a demolición desta vivenda, que igual que sucede nos outros casos tamén se atopa nun lugar urbano polo que transita unha cantidade importante de persoas.



◆ O estado de abandono no que se atopan algunhas vivendas do municipio é moi preocupante. Na avenida Francisca Herrera atopamos casos de deterioro que poden ocasionar riscos á veciñanza ou ás edificacións próximas. O Concello de Oleiros ten previsto actuar sobre todas aquelas casas que non cumpran cos mínimos esixidos pola lei autonómica.



■ Está prohibido tapiar portas e fiestras das casas. As tres casas que aparecen nas fotografías deste bloque, todas elas na parroquia de Santa María de Oleiros, incumpren a normativa urbanística.

# O 11 de setembro inaugúrase o parque ▼ José Couso no Alto de Perillo



◆ O cámara de televisión ferrolán asasinado polas tropas dos Estados Unidos na guerra de Iraq terá un parque no Concello de Oleiros. O alcalde Ángel García Seoane confirmou que o espazo público que se lle dedicará a José Couso en Oleiros será a zona verde da rúa Cubelos, no Alto de Perillo. O acto de inauguración, que está previsto para o 11 de setembro a partir das 19.00 h, contará coa actuación do poeta e cantautor arxentino Rafael Amor e coa participación de varios familiares do reporteiro gráfico, entre eles David Couso, voceiro da Asociación de Amigos, Hermanos e Familiares de José Couso. En caso de choiva o concerto trasladarase á Fabrica.

O nomeamento do parque José Couso foi unha das primeiras medidas que aprobou o novo goberno municipal. Deste xeito, o Concello de Oleiros pretende lembrar un caso que recentemente foi arquivado pola xustiza. Coas leis aprobadas polo PSOE no ano 2009 e polo Partido Popular en 2014, a xustiza española non ten capacidade de actuación para xulgar este tipo de crimes, lexitimando a impunidade.

Na mañá do 8 de abril de 2003, o 64 batallón da 3ª división acoirazada dos EEUU ataca os 3 sinais que emitían en directo en Bagdad. Bombardean a sede de Al-Jazira, asasinando o produtor Tareq Ayoub, ametrallan a sede de Abu Dhabi TV, producindo decenas de feridos e, en ausencia de combates, disparan desde un carro de combate un proxectil de 120mm de alto explosivo Heat á altura da planta 15 do Hotel Palestina, asasinando no acto o cámara Taras Prostyuck e ferindo de gravidade a José Couso. A gravidade das feridas fixo que non saíse da operación. Desde entón a súa familia non parou de esixir investigación e xustiza.

A reivindicación da memoria é un modo de conquistar espazos de xustiza.



■ A placa colocada na porta de acceso ás bancadas do pavillón recolle o seguinte texto: "Pavillón José Antonio García Nieto. Mestre, exemplo de valores, semente de porvir."

## O pavillón de Canide pasa a chamarse José Antonio García Nieto en recoñecemento ao seu labor dentro e ◀ fóra das aulas

◆ Diversos colectivos da zona norte e centro do municipio, as ANPA, os alumnos, os ex alumnos e o Concello de Oleiros homenaxearon a figura de José Antonio García Nieto non só como profesor, senón tamén como activista no movemento veciñal a través da súa participación na asociación Santaia. A petición dos diferentes colectivos que organizaron o acto, o Concello de Oleiros púxolle o seu nome ao pavillón do colexio no que impartiu clase durante máis de 30 anos.

## As solicitudes de préstamo das casas realizaranse na Fábrica ▶

◆ A remodelación do Goberno municipal supuxo o traslado ao centro cultural A Fábrica das solicitudes de uso das casas que se prestan aos veciños para a realización de actividades sociais e de convivencia. A partir de agora, as peticións para o uso das casas da praia de Bastiagueiro, Agramar e Echeverry realizaranse na oficina de Xuventude deste centro. A responsable para a tramitación destes préstamos será a nova concelleira Iria Barreiro.



# Servizos Sociais

## Novo programa de actividades ocupacionais desde outubro ▼



◆ O próximo mes de outubro está previsto iniciar unha nova edición do Programa de actividades ocupacionais que para o período 2015-2016 contempla importantes novidades, ademais da oferta de cursos habituais.

Mantéñense as actividades de *expresión artística e artesanal*, como son os tradicionais cursos de pintura, encaixe, costura, tapices e manualidades. A principios de 2016 está previsto iniciar outra serie de actividades relacionadas co *benestar persoal*, como poden ser obradoiros de relaxación, de alimentación e nutrición... Toda esta oferta formativa está dirixida ás persoas veciñas do Concello de Oleiros maiores de 18 anos de idade.

Para o colectivo de persoas maiores de 60 anos, vanse poñer en marcha no mes de outubro uns novos cursos de alfabetización dixital, con distintos niveis en función do grao de coñecemento de cada asistente.

## Máis de 600 maiores gozaron das excursións programadas polo Concello

◆ O programa de excursionismo *Ven e Descubre* dirixido ás persoas maiores do Concello de Oleiros rematou cunha ocupación do 82% das prazas ofertadas, o que supón un incremento en relación ao 2014. Foron un total de 645 persoas distintas, 229 homes e 416 mulleres, as que participaron nesta edición, ocupando 1.988 prazas. O programa está dirixido ás persoas maiores e 60 anos, sendo a franxa de idade entre os 71 e os 80 anos, a máis numerosa, representando o 50% do total das persoas participantes.

Grazas a esta iniciativa do Concello de Oleiros, os maiores do municipio puideron coñecer a ría de Vigo (*A ría dos tesouros*), a Comarca do Deza (*Tradición e modernidade*) e a Illa de Arousa (*A Arousa descoñecida*). Estas tres excursións realizáronse entre o 2 de maio e o 12 de xullo e repetíronse seis veces cada unha, con diferentes grupos formados por parroquias.

Un programa completo no que grazas á interpretación guiada acadouse o obxectivo de ofrecer unha radiografía a fondo de cada lugar que se visitou, o que foi moi valorado polas persoas participantes.

## A programación dirixida ás mulleres comeza en setembro



◆ No marco do Plan de igualdade de trato e non discriminación entre homes e mulleres do Concello de Oleiros, iniciáronse unha serie de actividades que baixo o nome de **Creando o mapa** tiñan como obxectivo o fortalecemento integral das mulleres do noso concello, tanto desde o punto de vista físico como emocional.

O **Obradoiro do corpo**, unha actividade de exercicio físico desde unha perspectiva de xénero, desenvólvese na casa da Cultura de Perillo os mércores de 10:00 a 11:00 h e retomará as clases o 16 de setembro. Nestes momentos xa hai un grupo formado, non obstante poden apuntarse desde xa todas aquelas mulleres interesadas en ocupar as prazas vacantes nesta actividade.

Para o último cuadrimestre do ano está previsto un novo obradoiro no que se traballará o desenvolvemento emocional a través das artes e da creatividade, combinando sesións relacionadas coa lectura, a escritura ou a expresión corporal con outras máis enfocadas ao crecemento persoal.

Todos estes proxectos, cun marcado carácter innovador e dirixidos ao fortalecemento persoal en clave de xénero, son parte do conxunto de actuacións que, nesta materia, se desenvolven de forma coordinada desde as distintas áreas municipais, amosando o compromiso do Concello de Oleiros coa igualdade entre xéneros.

## En setembro, máis excursións de sendeirismo para os maiores ▼



◆ No mes de setembro, coas rutas de sendeirismo, finaliza o programa *Ven e Descubre 2015* que levou ás persoas maiores de 60 anos de Oleiros a descubrir moitos lugares do noso país. Na primeira quincena do mes farase a ruta "*Descubre a outra Compostela*", unha ruta que combina o urbano co rural e que permitirá coñecer a parte máis descoñecida da capital de Galicia. O traslado ata Santiago será en tren.

Para a segunda quincena de setembro, os nosos maiores que así o desexen percorreren a frondosidade da Fraga de Catasós en Lalín, antes de chegar ao Carballiño, onde farán noite. Ao día seguinte as rutas serán pola ribeira dos ríos Avia e Arenteiro, ademais de realizar visitas a lugares de especial interese no contorno, como pode ser a visita ao Parque Arqueolóxico da Cultura Castrexa de Cibrán de Las. O aloxamento será na Residencia de Tempo Libre do Carballiño, onde contarán con pensión completa.

# O Concello reforza a educación dos rapaces e rapazas con cursos e programas sobre saúde, sexualidade, igualdade e arte

■ Para o vindeiro curso escolar, e como é habitual, o Concello de Oleiros programa diversas actividades de apoio e orientación á educación dos alumnos e alumnas dos diferentes centros de ensino públicos. Colexios e institutos acollen ao longo do ano diferentes actividades educativas sobre saúde, sexualidade, igualdade de xénero e arte para os alumnos e as alumnas dos centros de ensino público de Oleiros.

## Educación para a saúde e sexual ▼

### ● Programa PROMESA de educación para a saúde e a prevención de adiccións

Neste curso, o programa tratará novos contidos e novos temas, á vez que traballará dun xeito máis individual e persoal. Os obxectivos principais que se perseguen son: promover un estilo de vida saudable entre a poboación, evitar o primeiro uso de substancias -legais e ilegais- con capacidade aditiva, formar os pais, as nais e os docentes, no desenvolvemento de hábitos saudables para que poidan actuar preventivamente e informar e asesorar a comunidade en xeral sobre o fenómeno de consumo de drogas.



### ● Programa de alimentación saudable

Para loitar contra a vida sedentaria e a mala alimentación ponse en marcha este programa co obxectivo de promover hábitos de vida saudables a nivel físico e emocional. Os destinatarios e destinatarias desta actividade son os alumnos de 1º e 2º da ESO.

### ● Programa Educasexoleiros de educación afectivo-sexual

O Concello de Oleiros entende que a educación afectivo-sexual debe ser permanente e habitual polo que se segue apostando por un programa necesario e fundamental no crecemento das persoas. O obxectivo fundamental do programa está dirixido a contribuír á construción dunha sociedade máis igualitaria entre homes e mulleres, á vez que máis tolerante e respectuosa. Ademais, tamén se procura que os rapaces e rapazas asuman actitudes naturais ante a sexualidade.



## Educación para a igualdade ▼

### ● Escola Coeducativa

Esta iniciativa de intervención educativa en materia de igualdade, ten como obxectivo principal formar criticamente o alumnado para medrar, desenvolverse e relacionarse plenamente sen prexuízos e estereotipos sexistas. Tamén se pretende visibilizar e cuestionar o modelo masculino dominante, e identificar as desigualdades entre as mulleres e os homes, tomando conciencia da discriminación sexista que aínda persiste na sociedade.



## Educación artística ▼

### ● Teatro: III Oleiros Comedia

Como nos anos anteriores, o programa segue encamiñado á formación teatral e á narración oral en galego combinada co tempo de ocio e de lecer das persoas participantes.



### ● Música: Oleiros coa música

Oleiros coa música quere dar a coñecer ao alumnado participante -rapaces e rapazas da ESO- os distintos estilos musicais, a súa evolución e riqueza, intentado mesturar distintas disciplinas artísticas e estilos musicais. Co obxectivo de ofertar un concerto adaptado ás necesidades curriculares deseñaremos un programa en colaboración cos departamentos de música.

## Os Axóuxeres chegan a Oleiros para dinamizar os máis pequenos

◆ O vindeiro 4 de outubro, o auditorio da Fábrica acolle un espectáculo teatral e musical para bebés e familias. Os *Encontros dos Axóuxeres*, que é como se chama a actividade, teñen como finalidade a promoción da transmisión interxeracional da lingua galega. Habrá un servizo de reserva previa de localidades que se activará unha semana antes da sesión.



## O premio Descubrindo Oleiros regresa para mostrar a creatividade da mocidade

◆ O Concello de Oleiros convoca de novo o premio literario *Descubrindo Oleiros*, unha proposta que busca promover a lingua e dar a coñecer o municipio. Este concurso abre o prazo no mes de outubro para aqueles rapaces e rapazas estudantes de 3.º, 4.º, 5.º ou 6.º de primaria e da ESO.

Os relatos estarán ambientados en Oleiros, escritos en lingua galega, serán inéditos, que non fosen premiados en ningún outro concurso e non estean pendentos de fallo noutros premios. Os textos presentaranse

manuscritos ou mecanografados, perfectamente lexibles, escritos nunha soa cara e cunha extensión de 1 a 3 páxinas A4, Arial 12, a dobre espazo, que poderán ir acompañados de fotografías, debuxos, ilustracións ou calquera imaxe do Concello que poida ser suxerinte para o autor ou autora.

As persoas interesadas en participar poden informarse no Servizo de Normalización Lingüística, a través do teléfono 981 610 000 ou do correo electrónico l.filloj@oleiros.org.

## A exposición de Filgueira Valverde chega á Fábrica

◆ A exposición *Filgueira Valverde (1906-1996), un faro na construción de Galicia* estará aberta a todos os veciños e veciñas na Fábrica do 16 de outubro ao 2 de novembro. Os que se acheguen a visitala atoparanse cun percorrido pola vida do autor homenaxeado este ano 2015 no Día das Letras Galegas. Ademais, esta exposición completárase cunha xincana literaria chamada *Filgueira Valverde na voz da xente* a cargo do Falcón Branco.

# A festa non para ata finais de setembro

■ *Moitas asociacións do municipio organizan festas nas súas respectivas localidades durante as vindeiras semanas. O programa de festexos é tremendamente intenso. No mes de agosto non hai ningunha fin de semana de descanso, e en setembro a troula continúa coas festas de Perillo e Maianca.*

## Lorbé: festas do Carmen

### ► Do 30 de xullo ao 2 de agosto

◆ As festas de Lorbé comezaron o xoves día 30 de xullo ás 19:30 coa *Gran Festa da Navalla*. Pola noite houbo música cunha orquestra e un grupo. O venres a comisión de festas preparou unha churrascada á que lle seguiu unha verbena. O día seguinte tivo lugar a procesión marítima, con saída do Porto de Lorbé. Pola noite celebrouse unha pulpada no campo da festa e unha nova verbena. O domingo remataron as festas coa XXV Festa do Mexillón. A música acompañou aos asistentes ao mediodía e á noite cunha orquestra e un popular cantante.

## Festas de Santa María de Oleiros

### ► Do 12 ao 16 de agosto

◆ O día 12 de agosto unha caravana de vehículos engalanados marcará o comezo das festas da capital do municipio. Ese mesmo día haberá foliada e un concerto. O xoves o programa de actividades inclúe xogos para os nenos e festa da espuma, zumba e carreira popular para os máis deportistas e unha chocolatada a partir das 20:00 horas. O venres será o día da elaboración das alfombras florais. O día 15 de agosto, ademais dos actos relixiosos, o Eugenio Pardo Conchado acollerá os partidos de solterios e solteiras contra casados e casadas. Á noite haberá verbena. O último día de festas haberá novamente actos relixiosos, churrascada, verbena e unha sesión de fogos de artificio.



## Festas de Santa Cruz

### ► Do 21 ao 26 de agosto

◆ A festa do chourizo, o pregón e a música abren as festas de Santa Cruz o venres 21 de agosto. O sábado, festa dos callos pola mañá e gran sardiñada pola noite, xunto á actuación dunha orquestra. O día seguinte haberá máis callos e polbo, ademais da música. Para o luns estará preparada unha gran lagostinada e volverá a haber verbena. O penúltimo día de festas a comisión ofrece actividades para os nenos pola tarde e baile á noite. O mércores 26 finalizan os festexos cunha gran churrascada, música e sesión de fogos de artificio.

## Iñás: festas do Santísimo

### ► Do 28 ao 30 de agosto

◆ Igual que en anos anteriores, unha gran sardiñada a tarde do venres dá paso á verbena que se celebra pola noite. O sábado haberá polbada todo o día e música de orquestra a mediodía e á noite. Para o último día de festas, quedan os actos relixiosos e unha nova sesión vermú despois da misa solemne en honra ao Santísimo.

## Perillo: festas de Santa María da Cabeza

### ► Do 4 ao 6 de setembro

◆ O venres que comezan as festas haberá mexillonada e verbena. O sábado está programada unha churrascada e música de orquestra e grupos musicais. O domingo terán lugar os actos relixiosos, aos que lle seguirán a tradicional sesión vermú. Ese mesmo día pola tarde haberá un concerto de artistas locais.



## Festas de Maianca

### ► Sábado 26 de setembro

◆ O último sábado do mes de setembro, como é habitual, Maianca celebra a Romaría de San Cosme. Haberá festa rachada todo o día: churrascada, campionato de tute, xogos para os nenos e música para amenizar unha gran xornada de troula.





# XXI Alfaroleiros

◆ O parque Luis Seoane de Santa Cruz acolle entre os días 5 e 9 de agosto a XXI edición de Alfaroleiros, a feira de olería máis importante de toda a península ibérica. Un ano máis, as pezas dos oleiros estarán expostas na herba entre as 10:00 e as 22:30 horas. Os que se acheguen a ver ou mercar estas obras poderán comprobar a pureza, a calidade e a singularidade destas.

A principal novidade para esta edición, é a participación de ceramistas procedentes de diversos puntos do territorio peninsular. Ademais, o alumnado do obradoiro de olería do Concello de Oleiros tamén expoñerá os seus mellores traballos na feira.

Todas as actividades previstas para esta edición de Alfaroleiros terán lugar no parque Luis Seoane, agás o concerto do sábado que se celebrará na praza Esther Pita. A programación é a seguinte:

## • MÉRCORES 5 DE AGOSTO

- 20:00 Obradoiro de olería para nenos e nenas
- 21:00 Concerto da Banda da Escola Municipal de Música de Oleiros

## • XOVES 6 DE AGOSTO

- 19:00 Ginkana do alumnado do obradoiro de olería infantil de verán
- 19:30 Os Xogos do Paporrubio
- 20:10 Actuación teatral: Babamor, de Larraitz Urruzola
- 20:50 Concerto de Mamacabra

## • VENRES 7 DE AGOSTO


- 19:30 A Casa dos xogos, a ludoteca xiramundos
- 20:10 Actuación teatral: Dalle voltas, Da Vinci!, de Brais das Hortas
- 20:50 Concerto: Rodarirrodari, da compañía Fantoques Baj

## • SÁBADO 8 DE AGOSTO

- 19:30 Obradoiro de olería para nenos e nenas
- 22:30 Concerto da Big Band: Gallaecia All Stars

## • DOMINGO 9 DE AGOSTO

- 19:30 Ludoteca de xogos tradicionais e obradoiro de artes plásticas para nenos e nenas
- 21:00 Peche da feira
- 21:00 Actuación da charanga Santa Compañía



## O Concello de Oleiros potencia o teatro entre os escolares ▼

◆ O Concello de Oleiros, consciente da necesidade de potenciar as artes escénicas entre o público escolar infantil e xuvenil, porá en marcha no vindeiro mes de outubro unha nova campaña de teatro escolar. Esta actividade constitúe unha ferramenta moi útil para a formación artística do público máis novo, educar a súa sensibilidade artística e situar as artes escénicas no espazo de ocio de nenos, nenas, mozos e mozas. As representacións terán lugar no auditorio Gabriel García Márquez de Mera. As obras que se poñerán es escena serán: *Roedores*, de Redrum Teatro, e *RA RA RA*, de Abrapalabra Creacións Escénicas.

## Obradoiros de olería e teatro ►

◆ No mes de outubro comeza unha nova edición do obradoiro teatral para público infantil e xuvenil correspondente ao curso 2015-2016. As clases serán os sábados en horario de mañá e terán lugar no teatro As Torres de Santa Cruz. Pola súa parte, o obradoiro de olería tradicional seguirá tendo lugar no alfar situado no parque das Torres e contará co seguinte horario: luns e martes de 18:30 a 20:30 horas. As persoas interesadas deberán dirixirse ao centro cultural A Fábrica.



# Música e teatro de calidade para o outono

■ A partir do mes de setembro retómase a programación teatral e musical do Concello de Oleiros. O auditorio Gabriel García Márquez e o centro cultural A Fábrica seguirán sendo os escenarios dunha programación que mantén a súa calidade.

## Outubro

- **Sábado 3 de outubro**, ás 20:30 horas  
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo

A formación jazzística **Nani García Trío** presenta o seu último traballo *Serendipia*. O repertorio de Nani García Trío é unha mestura de antigos temas, retallos de bandas sonoras e outras composicións de Nani reformuladas en clave de jazz, así como pezas totalmente novas.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



- **Venres 9 de outubro**, ás 20:30 horas  
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo

Concerto de **Fado1111**, unha agrupación de Guimarães que representa a mestura do fado de Lisboa e a *canção* de Coimbra. Inspírase na tradición oral que di ser o 1.111 o ano do nacemento de Don Alfonso Henriques, primeiro Rei de Portugal, e Guimarães o berce do seu portuguesismo.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 10 de outubro**, ás 20:30 horas  
Auditorio do centro cultural A Fábrica, Perillo

O Quinteto Cimarrón presenta o seu traballo *Aires Tropicales*.

O Quinteto Cimarrón, na súa xira de 2015, vén a Oleiros a presentar o seu traballo *Aires Tropicales*. Música clásica, popular, moderna e cubana con tinturas de jazz. Así de completa é a proposta que presenta o Quinteto Cimarrón, un grupo que procede de Cuba aínda que están afincados en Galicia desde hai uns vinte anos.

■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 17 de outubro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

A compañía teatral **Elefante Elegante**, presenta o seu espectáculo *Kassa*, escrito e dirixido por María Torres e Gonçalo Guerreiro. *Kassa* é un espectáculo de teatro xestual, inspirado en *A Metamorfose* de Franz Kafka, que reflicte a temática da vivenda. Actúan Alfredo Muíño, Gonçalo Guerreiro ou María Torres, entre outros.

■ *Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 24 de outubro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

A compañía **FarandOleiras**, presentará o seu último espectáculo de cabaré, escrito e dirixido por Clara Gayo.


■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 31 de outubro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía teatral **Espello Cóncavo**, presenta o seu espectáculo *Romano*, escrito e dirixido por Lino Braxe. Trátase dunha obra de teatro clásico ambientada na Roma de Augusto. O elenco de actores está formado por Miguel Pernas, Manuela Varela e Xosé Vilarelle.

■ *Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## Novembro

- **Sábado 7 de novembro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

*Os amos do mundo* é unha obra de Carmen Blanco que a compañía **Bucanero** interpreta baixo a dirección de Lino Braxe. Actores como Xosé Bonome e Pedro Picos interpretan unha comedia na que se reflicten as luces e as sombras de diferentes persoas.

■ *Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 14 de novembro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

A Compañía **Voadora** presenta o seu espectáculo *Waltz*, baixo a dirección de Marta Pazos. *Waltz* amosa o amor e desamor, de namoramentos e rupturas, da vida compartida e da lembranza de amores perdidos. A interpretación corre a cargo de Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres.

■ *Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 21 de novembro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

*O principio de Arquímedes* chega a Mera da man de **Teatro do Atlántico**. Xulio Lago dirixe unha obra sobre a figura dun adestrador de natación sobre o que recae a sospeita de que puidera tratarse dun pederasta. O elenco de actores está formado por María Barcala, Toni Salgado, Alberto Rolán e Marcos Viéitez.

■ *Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



- **Venres 27 de novembro**, ás 21:00 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

O Auditorio Gabriel García Márquez acollerá a mostra final do obradoiro municipal de teatro de adultos. Presentarase o novo espectáculo, dirixido polos profesores **Ramiro Neira e Keke Diez**. O público terá oportunidade de gozar co que están a aprender os alumnos e alumnas.


■ *Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.*



- **Sábado 28 de novembro**, ás 20:30 horas  
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

**Volta e Dalle** teatro presenta o seu espectáculo *Dura Lex* de Carlos Santiago, baixo a dirección de Comba Campoy e Carlos Santiago. *Dura Lex* é unha comedia que xira arredor da xustiza. O protagonista da obra é o actor Pepe Penabade.

■ *Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.*



## AVANCE DECEMBRO ▼

- **Concerto de Nadal das corais municipais:** como todos os anos polo Nadal, o Concello de Oleiros organiza unha xuntanza para que participen todas as agrupacións. Será o día 20 de decembro no Auditorio Gabriel García Márquez de Mera.

## A final de copa disputarase o 29 de agosto no Condús



◆ Nestes días estase a celebrar a XLVI edición do **Torneo de Fútbol Concello de Oleiros**, un dos trofeos de fútbol modesto máis antigos de toda a comarca e no que participan os diferentes clubs do municipio. A final da que sairá o campión deste ano terá lugar o vindeiro 29 de agosto no campo de fútbol Eugenio Pardo Conchado de Oleiros. A organización do torneo supón un investimento de 10.000 euros, que se destinan principalmente aos premios que reciben os equipos participantes.

## Éxito de participación no XVIII Trofeo de Patinaxe de Velocidade Concello de Oleiros

◆ O pasado 25 de xullo celebrouse o XVIII Trofeo de Patinaxe de Velocidade Concello de Oleiros. As rúas do polígono de Iñás acolleron unha proba na que participaron os mellores patinadores de Galicia e outras cinco comunidades autónomas, ademais de Portugal. En total, competiron neste trofeo 201 patinadores e patinadoras. O día seguinte, o domingo 26 de xullo, a SCD Rabadeira celebrou o seu trofeo de patinaxe de velocidade no mesmo escenario.



## O Concello de Oleiros subvenciona as regatas de traíneiras de Perillo e Mera

◆ O Club Regatas de Perillo organizou unha nova edición da súa bandeira de traíneiras da Liga Galega A. Os oito mellores equipos de Galicia participaron na regata celebrada o pasado 18 de xullo en augas de Santa Cristina. O Concello de Oleiros achegou para esta proba 5.400 euros, o 60% do total dos premios que a organización obriga a repartir entre os clubs participantes. A vitoria foi para Amegrove. O Club Regatas de Perillo rematou en sétima posición.

A outra regata que subvenciona o Concello de Oleiros este verán, a II Bandeira Baía de Mera, terá lugar o vindeiro 23 de agosto. Participarán na proba os 7 equipos que forman parte da Liga Galega B, ademais das 3 embarcacións da categoría feminina. Para esta regata, o Concello tamén achega o 60% dos premios, o que supón 3.600 euros.



## A remodelación da piscina de Perillo xa está en marcha

◆ Adxudicouse por segunda vez a unha nova empresa a realización das obras de ampliación e mellora da piscina de Perillo. Logo de que a primeira empresa adxudicataria incumprira o estipulado no contrato e fora expulsada e sancionada polo Concello con 32.000 euros, será definitivamente unha nova empresa a que leve a cabo o proxecto. A actuación consiste na creación de novos vestiarios e na ampliación das salas para ximnasia e outras actividades deportivas. O proxecto ten un custo total de 649.828 euros e o prazo para a súa realización remata a finais de xaneiro do 2016. Mentres duren os traballos, o funcionamento das instalacións existentes será completamente normal e os usuarios e usuarias non sufriran ningún tipo de alteración.



## ◀ Lucía Rodríguez Carballo subcampioa de España de judo

◆ Lucía Rodríguez Carballo amosou ser unha gran competidora e gañou os seus tres primeiros combates. Grazas a esa magnífica actuación chegou á final do Campionato de España en categoría infantil, aínda que nese último combate caeu derrotada. Os outros tres participantes do Judo Club Oleiros, Ania Montero, Carlos Castellanos e Javier Plaza, tamén completaron unha grande actuación aínda que non chegaron ás medallas.

## O Club Regatas Perillo consegue unha medalla no Campionato de España de remo olímpico ►

◆ O club de remo oleirense completou unha extraordinaria participación no Campionato de España de remo olímpico conquistando unha medalla de bronce. Os 12 remeiros do Club de Regatas Perillo que participaron no Campionato de España de Remo Olímpico celebrado en Sevilla os días 20 e 21 de xuño obtiveron uns marabillosos resultados. Entre eses resultados destaca a medalla de bronce que conquistou Joaquín Montero na categoría sub-23. O propio Montero tamén foi cuarto en categoría absoluta e en xuvenís, Luis Miguel Escourido rematou sexto.



## O ADC AS Mariñas Voleibol Oleiros campión galego en categoría infantil ◀

◆ Os rapaces do equipo infantil do ADC As Mariñas Voleibol Oleiros conseguiron proclamarse campións galegos no pasado mes de maio. No campionato, que tivo lugar en Oleiros, lograron superar o EMEVE de Lugo, o Calasancias da Coruña e o Voley Dumbría. O equipo oleirense tamén acadou un magnífico resultado no Campionato Galego cadete celebrado en abril en Lugo, onde acadou o subcampeonato tras caer na final contra o Voley Dumbría.

## Santiago Represas campión de España de atletismo ► por partida dobre



◆ Santiago Represas Fachado, veciño dos Regos, proclamouse campión de España de 100 metros lisos en categoría cadete por partida dobre. Represas, unha das grandes promesas do atletismo español, conquistou en Madrid o Campionato de España de seleccións autonómicas de 100 metros lisos en xuño. Algo menos dun mes despois, volveu subir ao máis alto do podio, no Campionato de España. Nesa segunda ocasión, ademais da medalla de ouro, tamén bateu o récord galego dos 100 metros cun tempo de 11:16.

## Dous novos ouros para Manel Villadóniga no estatal de Esgrima de veteranos ►



◆ Manel Villadóniga conquistou dúas medallas de ouro no campionato estatal de Esgrima para veteranos, celebrado en Madrid a segunda fin de semana de xuño. O espadachín oleirense volveu realizar unha extraordinaria actuación nas disciplinas de espada e florete que lle permitiu derrotar a todos os seus rivais. Na modalidade de espada derrotou na gran final o madrileño Antonio Sánchez por un agónico e axustado 10-9. En florete, a vitoria na rolda decisiva foi máis clara e superou o mallorquino Rafael Martí por cun contundente 10-1.

## José Manel Sánchez ao mundial de piragüismo

◆ José Manuel Sánchez Sánchez rematou en quinta posición no Campionato de Europa de Maratón de Piragüismo, na modalidade de C2. Grazas a ese resultado obtido en augas de Bohinj, en Eslovenia, competirá no Campionato do mundo que se celebra o vindeiro 13 de setembro en Gyor, Hungría.



**EVITA MULTAS, a limpeza de fincas é unha obriga**

## TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

### **Os veciños xuntos conseguirémolo**

Como é sabido o acceso ao porto de Lorbé non se remata. Como vemos a Xunta non pon unha máquina para mellorar o acceso para os negocios e veciños da zona, tantas falsas promesas do remate da estrada con malas escusas.

Isto demostra o investimento que pon a Xunta pola mellora das condicións dos sectores produtivos da comarca, nestes momentos haberá que loitar con protestas para uns accesos decentes nesta comarca.

**A.Z. (Lorbé)**

### **A Europa da solidariedade**

O pacto entre o Eurogrupo e o Goberno de Alexis Tsipras non fai máis que evidenciar o secuestro da soberanía dos pobos de Europa por parte do capital e dos bancos centrais.

Non foi suficiente. Syriza tivo que claudicar ante a chantaxe de Schauble e do Grexit europeo, dominado con puño de ferro por unha Alemaña que parece ter esquecida a orixe da súa prosperidade. Non foi ata o ano 2010 que os teutóns remataron de devolver ao mundo a súa débeda, derivada dos dous conflitos mundiais máis terribles da historia. Con tódalas reestruturacións imaxinadas, os xermanos puideron volver ser unha potencia. Puideron sorrir de novo. Pero aí está a clave. A solidariedade. Ese sentimento sobre o cal se reconstruíu o mundo trala guerra e que parece que, co avance dos anos, perdeuse nun mar de intereses espurios. O pobo grego ten que pagar polos desfalcos dos irresponsábeis gobernos de PASOK e Nova Democracia. E ademais ten que soportar a humillación por parte dun país que, durante o 1989, recibiu a solidariedade de todos os pobos de Europa para poder derribar as pedras dun muro que agora pretenden construír cos países do

sur, os denominados PIGS.

Alemaña non debe esquecer de onde ven. E nós non podemos esquecer de onde vemos. A nosa democracia naceu na Antiga Grecia, e o noso compromiso co país heleno é xa eterno. É obvio que a débeda, ten que ser pagada. Pero unha negociación en igualdade e unha reestruturación que permita aos gregos e gregas vivir tranquilos, é igualmente necesaria.

**Anselmo da Fracha (Perillo)**

### **Seguir sen mordazas**

Malia as advertencias de organismos internacionais como a ONU, o Goberno decidiu poñer en marcha un dos mecanismos de control de liberdades máis estritos ata o momento dentro do marco lexislativo europeo que, sumado á Reforma do Código Penal, supón un cóctel de medidas restritivas que nos fan retrotraernos a épocas de silencio.

A nova lexislación contempla a figura da prisión permanente revisable que moitos colectivos xa puxeron en cuestión. Habería moito que comentar sobre máis puntos da lei relacionados coa liberdade informativa dos medios de comunicación, ou coa falta de independencia dos órganos xudiciais. É complicado sintetizar cando falamos dun tema que afecta de forma tan grave ás liberdades fundamentais de todos os cidadáns. Este tipo de foros de expresión favorecen que as persoas que estamos comprometidas coa liberdade, denunciemos este atropelo aos nosos dereitos. Malia isto, seguiremos sen mordazas, non nos calarán.

**Francisco Lezcano Ortiz**

### **Uns socorristas de primeira**

Fai dúas semanas decidín aproveitar o bo tempo e acudir coa familia á praia de Mera. Nunha das ocasións nas cales fun refrescarme ao mar,

notei unha forte dor no talón. Souben no momento que era a picadura dun escarapote pois xa tivera outras no pasado. A miña reacción foi desmesurada e comecei a gritar como alma que leva o demo. Nun periquete apareceron dous fortes e amables socorristas no meu auxilio.

Fixéronme as curas no momento e estiveron moi atentos en procurar que non me doese.

A realidade é que me atopei moi ben xa que a pesar da dor que sentía, a intervención foi rápida e a pesar de que tiña medos xa que son atleta e pensaba que tardaría en curarme como en ocasións anteriores, o certo é que aos dous días xa non tiña case molestias.

Agradezo moito ao servizo de socorrismo desta praia a súa atención. Moitas grazas!

**Victoria García**

### **A Xunta tennos abandonados**

Son unha veciña de Santa Cruz. Debido a que traballo na Coruña, debo cruzar a ponte da Pasaxe cada día. Ás 8:30 da mañá comeza o meu inferno e o de centos de condutores e condutoras que nos atopamos nesta situación. Os atascos son algo habitual, colas de máis de 45 minutos tanto para entrar na cidade como para saír. É penoso que nos atopemos nesta situación, e que desde a Xunta non se mova un dedo. Ademais de pasarme todo o día fóra traballando, pois non me compensa vir a comer ás 14.00 horas a casa polas colas que se forman neste punto, teño que descontar dúas horas do meu tempo que me paso parada na estrada. Sinto impotencia xa que vexo que aínda que desde o goberno local se fan esforzos por intentar mellorar esta situación, non se lles fai nin caso, deixando os veciños nunha situación de abandono.

**Pura Castro**

**Teléfono do Veciño**

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

**981 610 000**

**Concello de Oleiros 981 610 000**

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Centro Saúde de Oleiros	981 082 188
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

**Centros municipais de actividades**

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 626 497
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 688
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

**Centros educativos**

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
El O Vilar / Nós	981 664 257
El A Pardela / Os Regos	981 631 788
El As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

**Bibliotecas**

Central Rialeda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

**Transportes**

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

**Horarios Cal Pita**

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

<b>1 &gt; A Coruña &gt; Fonteculler &gt; O Burgo &gt; San Pedro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados <b>Ida</b> 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest <b>Ida</b> 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' <b>Volta</b> 7:30 a 22:30 cada 30'
<b>2 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 7:05 a 22:05 cada hora. <b>Volta</b> 7:35 a 22:35 cada hora Sábados <b>Ida</b> 8:05 a 20:05 cada hora. <b>Volta</b> 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 10:05 a 20:05 cada hora. <b>Volta</b> 10:35 a 20:35 cada hora
<b>2a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 7:05. <b>Volta</b> 7:30 Sábados <b>Ida</b> 8:05 ■ 14:05. <b>Volta</b> 8:30 ■ 14:30 Dom+fest <b>Ida</b> 10:05 ■ 14:05. <b>Volta</b> 10:30 ■ 14:30
<b>2b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Montrove &gt; Os Regos &gt; Oleiros &gt; Pousada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 16:05. <b>Volta</b> 16:35 Sábados <b>Ida</b> 16:05 ■ 19:05. <b>Volta</b> 16:35 ■ 19:35 Dom+fest <b>Ida</b> 16:05 ■ 19:05. <b>Volta</b> 16:35 ■ 19:35
<b>3 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Nos &gt; O Carballo &gt; Oleiros &gt; Sada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. <b>Volta</b> 6:55 a 21:55 cada hora Sábados <b>Ida</b> 6:55 a 20:55 cada 2 horas. <b>Volta</b> 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest <b>Ida</b> 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. <b>Volta</b> 9:55 a 21:55 cada 2 horas
<b>4 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Sada &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:25 a 21:25 cada hora. <b>Volta</b> 6:25 a 21:25 cada hora Sábados <b>Ida</b> 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. <b>Volta</b> 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. <b>Volta</b> 8:25 a 21:25 cada hora
<b>6 &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Riaita &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. <b>Volta</b> 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados <b>Ida</b> 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. <b>Volta</b> 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest <b>Ida</b> 9:40 a 20:40 cada hora. <b>Volta</b> 10:10 a 21:10 cada hora
<b>6a &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Arillo &gt; Riaita &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 <b>Volta</b> a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
<b>6b &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &gt; Franzomel &gt; Dorneda &gt; Pousada &gt; Oleiros &gt; Soñeiro &lt;</b>	Laborables <b>Ida</b> a Soñeiro 13:10. <b>Volta</b> de Soñeiro 13:50 Sábados <b>Ida</b> a Oleiros 11 ■ 21:10. <b>Volta</b> de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest <b>Ida</b> a Oleiros 10:20 e 13:10. <b>Volta</b> de Oleiros 10:45 ■ 13:35
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cruz &lt;</b>	Sábados+dom+fest <b>Ida</b> 10 a 21 cada hora <b>Volta</b> 10:30 a 21:30 cada hora
<b>VERÁN &gt; A Coruña &gt; Perillo &gt; Sta. Cristina &lt;</b>	Luns a domingos <b>Ida</b> 10:20 a 20:20 cada hora <b>Volta</b> 10:50 a 20:50 cada hora



**35.007 habitantes empadroados/as!**

**Ata o 29 de xullo, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:**

DEXO (Santa María)	1.384
DORNEDA (San Martiño)	3.420
IÑÁS (San Xurxo)	1.198
LIÁNS (Santa Eulalia)	10.155
MAIANCA (San Cosme)	1.358
NÓS (San Pedro)	4.734
OLEIROS (Santa María)	2.946
PERILLO (Santa Leocadia)	8.240
SERANTES (San Xulián)	1.572
<b>TOTAL</b>	<b>35.007</b>

**FARMACIAS DE GARDA**

**Datas**


<ul style="list-style-type: none"> <li>■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027</li> <li>■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937</li> <li>■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo)</li> <li>■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890</li> <li>■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503</li> <li>■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440</li> <li>■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184</li> <li>■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845</li> <li>■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932</li> <li>■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165</li> <li>■ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás)</li> </ul>	<p>Do 31 de xullo ao 6 de agosto Do 16 ao 22 de outubro</p> <p>Do 7 ao 13 de agosto Do 23 ao 29 de outubro</p> <p>Do 14 ao 20 de agosto Do 30 de outubro ao 5 de novembro</p> <p>Do 21 ao 27 de agosto Do 6 ao 12 de novembro</p> <p>Do 28 de agosto ao 3 de setembro Do 13 ao 19 novembro</p> <p>Do 4 ao 10 de setembro Do 20 ao 26 de novembro</p> <p>Do 11 ao 17 de setembro Do 27 de novembro ao 3 de decembro</p> <p>Do 18 ao 24 de setembro</p> <p>Do 25 de setembro ao 1 de outubro</p> <p>Do 2 ao 8 de outubro</p> <p>Do 9 ao 15 de outubro</p>
---	---

**Querida lúa**

**O ciclo da lúa**

<b>Chea</b>	29 agosto / 28 setembro / 27 outubro
<b>Mingua</b>	7 agosto / 5 setembro / 4 outubro
<b>Nova</b>	14 agosto / 13 setembro / 13 outubro
<b>Medra</b>	22 agosto / 21 setembro / 20 outubro

## Novo paseo de Santa Ana a Canide ▼



 Nova senda costeira

◆ O paseo costeiro de Santa Ana a Canide é un proxecto que a Dirección Xeral de Costas se comprometera a realizar hai máis de dez anos. Daquela se lle esixira ao Concello de Oleiros a expropiación do solo na zona de servidume da costa. A pesar de que se realizou a expropiación cun forte investimento económico e de proxectos, igual que aconteceu no contorno da praia de Naval, os terreos nunca foron obrados polo Ministerio.

O Concello de Oleiros tratará con fondos propios, 507.677,93 euros, a unión do paseo marítimo de Mera, que remata na capela de Santa Ana, coa zona verde da urbanización de Canide. Deste xeito, todos os veciños e veciñas poden camiñar desde Mera ata a localidade de Breixo na parroquia de Dorneda por terreo público. As obras fináncianse con cargo ao superávit que o Concello de Oleiros obtivo no pasado exercicio de 2014.